

Colección Xoán Anllo

# arte AFRI CANA



DEPUTACIÓN  
DE LUGO



REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO

CAIXA DE BABALAWO (ADIVIÑO)



ALTAR



ESPANTAMOSCAS



MÁSCARAS



ESCULTURAS



CONTRA DE XANELA DE CELEIRO



PEITE



CHAVE DE VEO





Xoán Anllo é un home de raíces chairegas que por razóns profesionais (tradutor das Nacións Unidas) percorreu moito mundo descubrindo a arte africana e namorándose dela. Nas súas numerosas viaxes a África pero tamén a galerías de arte de Xenebra, Amsterdam, Nova Iorque ou Madrid, durante máis de corenta anos, e cunha fascinación por esta arte que aínda mantén intacta, logra conformar unha completísima colección composta por máis de dúas centenas de pezas que a partir de agora poderemos desfrutar neste Museo.

A colección permanente que se pode visitar na sala 29 ofrece cento dúas pezas e o volume dos fondos fai obrigada, logo duns anos, a rotación dos mesmos para ter a oportunidade de contemplar os que de momento se atopan en reserva pola escaseza de espazo.

O contido da mostra estruturouse en cinco grandes bloques: mobiliario, regalías, máscaras, escultura e ourivería.

### MOBILIARIO

As portas e xanelas de celeiros, vivendas e santuarios foron ricamente talladas para mostrar ao transeúnte o elevado status económico alcanzado polo propietario da construción. Eses elementos acostumaban estar coroados por artísticas pechaduras.

### REGALÍAS

Denomínanse así os obsequios ofrecidos entre os xefes de grupos tribais ou altos mandatarios. A este grupo de símbolos de poder pertencen os espantamoscas, bastóns de mando, reposanucas ou peites.

### MÁSCARAS

Pezas empregadas fundamentalmente en tres tipos de celebracións ligadas á fertilidade, iniciación e morte. Hainas antropomorfas, zoomorfas, antropozoomorfas; faciais, craniais, de ombreiros, casco, helmo, cimeiras, con superestructuras; realistas ou abstractas que representan calidades como a nobreza, beleza, coraxe ou humor.

### ESCULTURA

As figuras antropomorfas monopolizan practicamente este variado grupo de esculturas entre as que podemos contemplar fetiches de Togo, cónxuxes do outro mundo baulés, bonecas da fecundidade de Ghana e Camerún, cabaleiros dogóns, obas do Reino de Benin, guardiáns de relicario de Gabón, cabezas funerarias de terracota ou figuriñas de culto aos ancestros Fon.

### OURIVERÍA

Na vitrina adicada aos adornos sobresaen, tanto polo dominio técnico alcanzado na elaboración das pezas, como pola súa beleza, catro grupos de exemplares: o primeiro o compón unha parella de fabulosas pulseiras de nortello. Se trata dun conxunto de xoias en bronce, de uso cerimonial; o segundo o forman catro chaves de veo usadas polas mulleres tuareg; o terceiro o integran cinco peites de Ghana que se levaban coroando elaborados peiteados; e por último son salientables dous colares empregados por altos dignatarios.

Xoán Anllo es un hombre de raíces chairegas que por razones profesionales (traductor de las Naciones Unidas) recorrió gran parte del mundo descubriendo el arte africano y enamorándose de él. En sus numerosos viajes a África pero también a galerías de arte de Ginebra, Amsterdam, Nueva York o Madrid, durante más de cuarenta años, y con una fascinación por este arte que aún mantiene intacta, logra conformar una completísima colección compuesta por más de dos centenas de piezas que a partir de ahora podremos disfrutar en este Museo.

La colección permanente que se puede visitar en la sala 29 ofrece ciento dos piezas y el volumen de los fondos hace obligada, en unos años, la rotación de los mismos para tener la oportunidad de contemplar los que de momento se encuentran en reserva por la escasez de espacio.

El contenido de la muestra se estructuró en cinco grandes bloques: mobiliario, regalías, máscaras, escultura y orfebrería.

### MOBILIARIO

Las puertas y ventanas de graneros, viviendas y santuarios fueron ricamente talladas para mostrar al transeúnte el elevado status económico alcanzado por el propietario de la construcción. Esos elementos solían estar coronados por artísticas cerraduras.

### REGALÍAS

Se denominan así los obsequios ofrecidos entre los jefes de grupos tribales o altos mandatarios. A este grupo de símbolos de poder pertenecen los espantamoscas, bastones de mando, reposanucas o peines.

### MÁSCARAS

Piezas empleadas fundamentalmente en tres tipos de celebraciones ligadas a la fertilidad, iniciación y muerte. Las hai antropomorfas, zoomorfas, antropozoomorfas; faciales, craneales, de hombros, casco, yelmo, cimera, con superestructuras; realistas o abstractas que representan cualidades como la nobleza, belleza, coraje o humor.

### ESCULTURA

Las figuras antropomorfas monopolizan practicamente este variado grupo de esculturas entre las que podemos contemplar fetiches de Togo, cónyuges del otro mundo baulés, muñecas de la fecundidad de Ghana y Camerún, caballeros dogones, obas del Reino de Benin, guardianes de relicario de Gabón, cabezas funerarias de terracota o figuritas de culto a los ancestros Fon.

### ORFEBRERÍA

En la vitrina dedicada a los adornos sobresaen, tanto por el dominio técnico alcanzado en la elaboración de las pezas, como por su belleza, cuatro grupos de ejemplares: el primero lo compone una pareja de fabulosas pulseras de tobillo. Se trata de un conjunto de joyas en bronce, de uso ceremonial; el segundo lo forman cuatro llaves de velo usadas por las mujeres tuareg; el tercero lo integran cinco peines de Ghana que se llevaban coronando elaborados peinados; e por último son destacables dos collares empleados por altos dignatarios.